

DOMINGO XXIV ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA Eclo 27, 33 - 28, 9

LECTURA DO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Xenreira e asañoamento son de aborrecer; o pecador é quen os posúe. Quen fai vinganza atoparase coa vinganza do Señor, pediralle razón estreita dos seus pecados. Perdóalle a inxuria ó teu próximo e entón ó pregares seranche perdoados os teus pecados. Home que lle garda a outro xenreira, ¿como lle vai pedir ó Señor que o cure? De alguén que é coma el non se apiada, ¿e vai rogar polos seus pecados? Se el, que é carne, mantén a ira, ¿quen lle vai expiar-las súas culpas? Pensa na fin e deixa de asañoarte, recorda a corrupción e a morte e cumpre os mandamentos. Lembra os mandamentos e non rifes co próximo, recorda a alianza co Altísimo e non deas valor á falta. Tente lonxe das rifas e minguara-los pecados pois é o home iracundo quen acende as liortas e o home pecadento quen perturba os amigos metendo a disputa entre os que se levan ben.

SALMO RESPONSORIAL Sal 102, 1-2. 3-4. 9-10. 11-12

R/. (8): **O Señor é misericordioso e clemente, tardo á ira e rico en mercés.**

Alma miña, bendí o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendí o Señor,
non esqueza-los seus beneficios.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura;

Non contende por moito tempo
nin se anoxa para sempre.
Non nos trata conforme os nosos erros
nin nos paga conforme as nosas culpas.

Canto se alza o ceo sobre a terra,
así é grande o seu amor para os que o temen;
canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;

SEGUNDA LECTURA Rm 14, 7-9**LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS ROMANOS**

Irmáns: Ningún de nós vive para si, e ningún de nós morre para si. Se vivimos, para o Señor vivimos; e, se morremos, para o Señor morremos; así que, vivamos ou morramos, somos do Señor. Por iso mesmo morreu e resucitou Cristo: para dominar nos mortos e nos vivos.

EVANXEO Mt 18, 21-35**LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Naquel tempo, achegándose Pedro a Xesús, preguntoulle: Señor, ¿cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? ¿Ata sete veces? Respondeulle Xesús: non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo face-las contas cos seus servidores. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase. O servidor botóuselle ós pés e suplicáballe: ¡Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño! O señor tivo dó daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda. Pero, ó saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle: paga o que me debes. Botándose ós seus pés, o compañeiro suplicáballe: ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo. Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda. Os compañeiros, ó veren tal cousa, moi apesarados, fóronlle contar ó seu señor todo o que pasara. Entón o señor mandouno chamar e díxolle: ¡Servidor malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. ¿E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como eu me compadecín de ti? E todo anoxado, o señor entregouno ós verdugos ata que lle pagase toda a débeda.

Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.